



O MEU LUGAR SECRETO

ALUMNADO DO PCD DE 3º ESO

O lugar secreto de Lucía

O meu lugar secreto é bastante grande, ten unha cama, un armario, unha mesiña de noite e unha cómoda. Bueno, como xa vos destes conta, é a miña habitación.

É o meu lugar secreto porque alí paso a maior parte do meu tempo, alí é onde penso, onde durmo, onde choro cando estou triste, e por suposto onde río cando estou alegre. En resumidas, alí é onde teño todo o que me pertence.



O lugar secreto de Samuel

O meu lugar secreto é a miña caseta. Ten unha porta minúscula por onde case non collo, pero por dentro está moi ben, non chove e ten asentos de coches vellos. As paredes son de táboas e alí podo agochar todo o que me interesa.

É o meu lugar secreto porque cando me peta vou para alí e estou moi ben, poño música e concéntrome no que teño que concentrarme, que non son poucas cousas.



O lugar secreto de Mario

O meu lugar secreto é unha cabana que está nun recuncho dun prado. É grande, ten dous pisos, tres ventás e dúas portas. Ten herba seca no chan e un tellado que mete auga por todas partes.

É o meu lugar secreto porque o día que a encontrei foi porque escapaba dunha trasnada e por iso cada vez que vou acórdome do vello que correu detrás miña.



O lugar secreto de Alba

O meu lugar secreto son as Illas Canarias. É unha pasada porque son un lugar fantástico, onde se pode ir a restaurantes, aos hoteis e ver as praias e a area.

Son o meu lugar secreto porque alí teñen moitas tendas de deportes, roupa, supermercados..., hai tamén o acuario, zoo, piscinas...



O lugar secreto de Rubén

O meu lugar secreto empezou nun burato no monte que estaba no medio da serra. Era unha caseta enterrada nun burato con un metro de terra; enriba parece unha toupeira xigante.

É o meu lugar secreto porque ninguén sabe del.





O MEU LUGAR SECRETO

ALUMNADO DO PCD DE 3º ESO

O lugar secreto de Belén

O meu lugar secreto é un sitio onde hai catro paredes, cun armario, mesiña, cómoda e cama.

É o meu lugar secreto porque cando me enfado sempre vou para alí. Alí tamén podo escoitar música e incluso estudar, durmir e ver a televisión, e así pensar noutras cousas que non me poñan triste.

O lugar secreto de David

O meu lugar secreto é a miña caseta. Ten catro estribos postos de pé nos que se apoia a lona que a tapa, para que non me entre nada a auga. Tamén ten un colchón para deitarme un pouco todos os días, no que me agachaba cando me querían pegar; ía todo petado para ela, e alí non ma podían ver, porque senón algún día...

É o meu lugar secreto porque alí síntome protexido.

O lugar secreto de Iván

O meu lugar secreto é a miña caseta. Un día no que estaba un pouco triste saín dar unha volta pola beira dun río e encontrei unha caseta que estaba no alto dun carballo, tiña unhas escaleiras que xa non estaban moi ben, pero dei subido. O tellado non estaba tampouco moi ben e decidín amañoalo e poñerlle outras escaleiras.

É o meu lugar secreto porque desde ese día cando estou triste ou quero estar só vou para a caseta que está na beira do río.

